




A CANECA, PICHEL E SELLA



1. Este modelo é unha variante do vaso ou floreiro, sendo o punto de partida a figura 7 do mesmo.

2. Levantamos 90 ° o bico inferior, e xuntamos as súas beiras laterais. Marcamos ben a forma.


3. Visto de lado terá este aspecto. Dobramos o bico para fóra, pola liña marcada para darlle a forma da asa.



4. O bico traseiro dobrámolo cara atrás e metémolo dentro, como na figura 8.

5. O triángulo da base vincámolo tamén, adiante e atrás, como na figura 8. Abrimos a figura pola parte superior.

6. E temos construída a caneca.



7. Se á caneca lle vincamos o bordo frontal da mesma, dándolle a forma de bico, terémola transformada nun pichel ou xerra.

8. Se pola contra lle facemos as dúas asas iguais, o que temos elaborado é unha sella.

9. E aínda lle podemos dar estoutra forma á asa para termos outro modelos de caneca.